



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 12

MAIO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

AMAZONIA

Simone Menezes, directora

Camila Titingar, soprano

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Simone Menezes



PROGRAMA

HEITOR VILLA-LOBOS (1887-1959)

Bachianas Brasileiras nº4

Preludio

PHILIP GLASS (1937-)

Aguas de Amazonia (orq. Coleman)

Metamorfosis I

HEITOR VILLA-LOBOS (1887-1959)

Suite de Floresta do Amazonas (selección Simone Menezes)

A Floresta

Em Plena Floresta

Pássaro da Floresta - canto I

Dança da Natureza

Conspiração e Dança Guerreira

Veleiros

Em Caminhos para a Caçada

Canção de amor

Melodia Sentimental

O Fogo na floresta

Epílogo

Camila Titinger, soprano

Duración aproximada do concerto: 75 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Teimuraz
Janikashvili,
concertino convidado
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Anna Alexandrova
Yulia
Petrushevskaya
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Helena Sengelow
Enrique Roca
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madisson **
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Millán Abeledo **
Thomas Piel
Carlos García
Clara Martínez (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

SAXOFÓN

Rocío Hermida (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Simon Lewis (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Carlos Figueira (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Darío González (R)
Isabel Diego (R)

PIANO

Nicasio Gradaille (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Simone Menezes

Directora

A directora de orquestra brasileira Simone Menezes é unha música visionaria, coñecida pola súa creatividade e espírito innovador, que combina brillantemente o repertorio clásico e o contemporáneo. Xa sexa como fundadora e directora artística do Ensemble K, como cobizada directora convidada en moitas das orquestras máis respectadas do mundo ou nos seus impresionantes proxectos creativos de colaboración entre a música e outras artes, Menezes consolidouse como unha artista de rápido ascenso dunha nova xeración.

Rapidamente recoñecida polo seu talento, Simone Menezes foi convidada a dirixir orquestras como a Rotterdam Philharmonic Orchestra, a Orchestre National d'Île-de-France, Orquestra Sinfónica Brasileira, Osaka Philharmonic Orchestra, Orchestre National de Lille, Orchestre National des Pays de Loire, e a Orchestre National d'Auvergne.

Menezes colabora regularmente coa Philharmonie de París, tanto no marco de proxectos de educación musical supervisados por DEMOS, como en concertos sinfónicos. En 2021, dirixe un concerto baseado na temática da selva amazónica, en colaboración cunha exposición do gran fotógrafo Sebastião Salgado.

Paavo Järvi foi durante moito tempo o seu mentor, convidándoa ao Festival de Parnu en Estonia en 2013 e 2014, e colaborando regularmente coa Deutsche Kammerphilharmonie. Colaborou con frecuencia con Järvi ao longo dos anos, con orquestras como a Frankfurt Radio Symphony Orchestra, a Royal Concertgebouw Orchestra, a Vienna Symphony Orchestra, e a Staatskapelle Berlin.

Aos 20 anos creou a súa primeira orquestra no Brasil, a Camerata Latino Americana, un grupo especializado na interpretación do repertorio latinoamericano. O traballo e o modelo desta

pioneira agrupación recibiron o recoñecemento da International Society for the Performing Arts of New York.

De 2008 a 2012, Simone Menezes foi directora musical da Unicamp Symphony Orchestra in Brazil, gravando dous discos de música contemporánea brasileira, que foron premiados como “Mellor Proxecto Musical Brasileiro” pola Asociación de Críticos Musicais de Sao Paulo. En 2012 Marin Alsop fixouse no seu enorme talento, convidando a Menezes ao seu Festival Campos do Jordão. Outros traballos no Brasil inclúen varias colaboracións coa EMESP / GURI, a State Youth Orchestra of São Paulo, e a dirección de varios concertos na Sala São Paulo.

Simone Menezes estudou dirección de orquestra no Brasil e despois na Ecole Normale de Musique de París, onde se graduou tras un só ano de estudos. Foi asesorada habitualmente por Colin Metters en Londres e desenvolveu o seu repertorio durante as residencias co Remix Ensemble (Portugal) e

o Ensemble Multilaterale (París). Entre os seus mentores atópanse Paavo Järvi, Neeme Järvi, Leonid Grin, Marin Alsop, Claudio Cruz Thomas Ades e Lera Auerbach. En 2019, Simone Menezes gañou o segundo premio en Mawoma (Maestra Music and Women’s Competition) en Viena. En 2020, lanzou a súa nova orquestra, Ensemble K, un grupo flexible especializado no gran repertorio de cámara do século XX.

Camila Titinger

Soprano

A soprano italo-brasileira Camila Titinger foi recentemente membro do Centre Perfeccionament Plácido Domingo en Les Arts de Valencia. En 2018 foi convidada a actuar con Domingo en concertos en Liubliana, Estrasburgo e Boston.

En 2019 fixo o seu debut no Reino Unido como Donna Anna en *Don Giovanni* de Mozart no Garsington Opera Festival e ademais representou o Brasil como finalista en 2019 no concurso Cardiff Singer of the World. En 2018 debutou no Théâtre des Champs-Élysées como Donna Anna, o papel de Pamina no Teatro Solis, así como Hanna Glawari en *Die Lustige Witze* tamén no Brasil. Tamén interpretou a Violetta nunha nova produción de *La Traviata*, e Micaela en *Carmen* coa Opera North en Leeds, Mathilde en *Guillermo Tell* de Rossini en Essen, e concertos coa Philharmonie de Paris e a Ópera de Rouen en 2020. En xullo de 2021 Titinger debutou en Italia

coa Orchestra dell'Accademia Nazionale di Santa Cecilia interpretando un programa de música de Villa-Lobos e Philip Glass.

As súas recentes aparicións inclúen un concerto ca Ópera de Rouen, abrindo a tempada do Bregenz Festival en Austria baixo a batuta do mestre Paolo Carignani, e coa Vienna Symphony Orchestra. Titinger debutou en Francia interpretando o papel de Contessa dei Almaviva en *Le Nozze di Figaro* de Mozart na Ópera de Toulon, e foi premiada na Paris Opera Competition celebrada no Théâtre des Champs-Élysées. A soprano interpretou as *Bachianas Brasileiras núm. 5* de Villa-Lobos no Teatro Real de Madrid, un concerto para o Embaixador de Alemaña en Washington DC organizado por Neue Stimmen, e aparicións operísticas como a Contessa en *Le nozze di Figaro*, Mimi en *La Bohème*, e Antonia en *Les Contes d'Hoffmann*, todo iso

co Teatro São Pedro Opera Studio en São Paulo.

Camila gañou o concurso brasileiro Maracanto, obtivo o segundo posto no concurso Bidu Sayão e foi premiada no concurso de canto Neue Stimmen en Alemaña. Outros premios inclúen o Giusy Devinu Competition en Cagliari (Italia), e o Concurso Internacional de Ópera Maria Callas.

Euclides da Cunha escribiu “O Amazonas sempre tivo o don de impresionar ás civilizacións distantes”. As representacións máis recorrentes da Amazonía producen metáforas opostas: “prisión vexetal”, “pulmón do mundo”; “inferno verde” e “paraíso na Terra” e esa imponente selva amazónica, con exuberantes paisaxes, extraordinaria biodiversidade e máxica fermosura propicia a imaxinación dos artistas. A arte, ademais de rexeitar os estereotipos, transcende a realidade como na obra musical de Villa-Lobos, cuxo enorme amor por Brasil reflíctese en moitas das súas composicións. *Floresta do Amazonas* é unha das súas últimas creacións de gran formato, unha das páxinas máis representativas da música brasileira pola súa beleza e pola súa técnica compositiva que canta á harmonía entre o home e a natureza. Escrita no Rio de Xaneiro en 1958, Villa-Lobos retratou Brasil a través da rexión máis coñecida e cobizada en todo o mundo, a Amazonia, utilizando unha grande orquestra con claridade, elegancia e intelixencia, e empregando os

intricados recursos de técnica de orquestración e composición de forma maxistral. A xénese de *Floresta do Amazonas* chega co encargo da banda sonora da película *Green Mansions*, inspirada na novela homónima de William Henry Hudson, producida pola Metro-Goldwyn-Mayer para a que Villa-Lobos escribiu a música, baseándose unicamente no guión de Dorothy Kingsley, sen ter moita experiencia neste tipo de encomendas e ningunha idea de como sería a película e pensando que era o mesmo que poñer música a un ballet. Dese xeito, o arranxista da produtora Bronislaw Kaper sincronizou a música co filme escollendo algúns temas do orixinal que harmonizou e orquestrou de novo, compoñendo case unha nova banda sonora. Dese xeito, Villa-Lobos decidiu aproveitar as partes non utilizadas, engadir coros e voces solistas pedindo á súa amiga Dora Vasconcellos, poemas para catro melodías, creando así as catro famosas cancións: *Veleiros*, *Cair da Tarde*, *Canção do Amor* e *Melodía Sentimental*. Como resultado, o gran poema sinfónico-coral (ou

suite) para orquestra e voz solista dividido en 21 partes, máis unha abertura e un epílogo que lembran os planos cinematográficos para os que foron concibidos. Na música orquestral destacan os ritmos salvaxes, as melodías con acentos amerindios, as disonancias que tanto asombran e, ás veces, tamén o clima de desolación que marca a inmensidade de certas partes da selva. Villa-Lobos, nesta música evocadora e suxestiva, tenta recuperar a maxia da selva amazónica con cores orquestrais sempre inventivos e sorprendentes, transcribindo ademais o son da choiva, as criaturas que viven aló e os mitos que naceron nese lugar. A riqueza dos timbres engadidos á orquestra ou o dominio da linguaxe e da orquestración contribúen a unha obra tan densa como o propio bosque amazónico, na que a voz ofrece episodios como os citados textos ou o *O Fogo na Floresta* que, sinistramente, presaxia as vagas de deforestación intensificadas anos máis tarde ata un alarmante repunta nos derradeiros anos.

Recentemente, a Academia Brasileira de Música revisou e

editou o material e a directora Simone Menezes traballou con eles para crear una *Suite para orquestra sinfónica e soprano* integrada polas mellores partes musicais para unha versión de concerto que consta de 11 movementos (4 deles con soprano). A directora describe as pezas para soprano como sorprendentes e cualifica a obra como unha composición elocuente, pero tamén sinxela e directa, a obra dun xenio. Toda a obra é rapsódica, algo polo que Villa-Lobos foi criticado, pero esta é unha música latinoamericana, así que, como comenta Menezes “non podemos agardar unha forma de sonata!”. Algo do primitivismo da obra podería evocar a Stravinski, pero a orquestración tivo un efecto significativo en Olivier Messiaen, quen mencionou a influencia do compositor brasileiro na súa *Sinfonía Turangallila*. Villa-Lobos dicía que as súas obras eran cartas escritas para a posteridade e para Simone Menezes, *Floresta do Amazonas* “é unha carta que debemos ler”.

Tamén o Amazonas foi fonte de inspiración para Philip Glass quen, desde hai décadas, establece

colaboracións con músicos de distintas tradicións como vehículo da súa propia creatividade. Como exemplo, *Águas da Amazônia* escrita nos anos noventa para a compañía de danza Grupo Corpo titulada, orixinalmente, *Sete ou oito pezas para un ballet*. A música foi retomada polo grupo de percusión brasileiro UAKTI que realizou un arranxo para os seus instrumentos caseiros e gravounas para o selo Point Music. Para entón, a música ampliouse a doce temas (probablemente por iso aparece no catálogo en liña de Glass como *Doce pezas para ballet*), a maioría deles nomeados como ríos da Amazonía, excepto o último, extraído da peza para piano do propio Glass, *Metamorphosis núm. 1*, tema final que serve como un gran lenzo para a improvisación sobre o esqueleto que é a música de piano do compositor americano. *Águas da Amazônia* reflicte, sobre todo a través do traballo dos instrumentos de vento e as percusións locais, unha certa presenza xeográfica, deixando que o labor orquestral defina unha plataforma lírica que desborda as referencias culturais

máis concretas, dirixíndose cara aos territorios non afastados do que no seu día definiuse como *new age*. Inspirada pola inmensidade e a diversidade do Amazonas, Glass compuxo esta obra en varios movementos -se poden chamarse así, sen ter nin a dimensión nin as formas habituais nos concertos ou as sinfonías-, na que combinou ecos da escritura orquestral que estaba desenvolvendo nese momento con algunhas relacións instrumentais máis concretas co espazo retratado e tamén discretas chiscadelas co jazz. Da man da Orquestra da Radio MDR de Leipzig, dirixida por Kristan Javi, en 2017, Charles Coleman, realiza un arranxo que reforza a presenza orquestral sen esvaeecer as presencias que suxiren o fluír das augas. *Metamorphosis I* é unha mirada minimalista e poética, algo máis que un suave percorrido pola selva tropical, unha viaxe en barco polo río Amazonas, con repeticións impresionantes e salpicado de diferentes pulsacións rítmicas. A escena cambia a cada momento co paso dos animais, os perigos, facendo que a tensión aumente ata o berro de alivio final.

Completan o programa as singulares *Bachianas Brasileiras* de Villa-Lobos homenaxe a J. S. Bach, cuxa música descubriu nos concertos familiares dos sábados a través da súa tía, a pianista Zizinha Monteiro. Tras percorrer Brasil e vivir en París, entre 1930 e 1945, escribiu para distintos grupos instrumentais e vocais estas *Bachianas* que conxugan elementos rítmicos e melódicos propios da música do seu país con tratamentos formais, contrapuntísticos e harmónicos característicos da obra de Bach e o espírito popular brasileiro coa rítmica excepcional do seu folclore. As *Bachianas* tamén parecen transportarnos á selva brasileira que hoxe centra este programa, nun tempo obstinado, lento e nostáxico. Unha das técnicas máis utilizadas polo compositor nesta serie basease no método identificado como un xeito de composición habitual non só nas obras de Bach, senón tamén nas de outros compositores como Vivaldi e Rameau. O seu papel na creación da coherencia harmónica é paralelo ao da secuencia na consecución da unidade melódica,

outra característica da música barroca que emprega Villa-Lobos. Os procedementos imitativos, tamén unha técnica distintiva do Barroco, encóntranse tamén en varios xéneros brasileiros, unha circunstancia que ofreceu ao compositor unha flexibilidade maior á hora de unir as dúas linguaxes musicais. Outros trazos comúns son o uso de figuras de *ostinato*, os tons de pedal e o *moto perpetuo*. A *Bachiana Brasileira* núm. 4, composta entre 1930 e 1941, reúne catro pezas: *Preludio* (1941), *Coral: Canto a Sertao* (1941), *Aria: Cantiga* (1935), e *Dansa: Miudinho* (1930). A partitura foi escrita orixinalmente para piano, pero o propio compositor realizou unha versión orquestral en 1941. O *Preludio* é a máis abstracta das catro pezas, e o seu sobrio e meditativo carácter lembra á maxestade sostida da zarabanda barroca.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 19 maio, 20:30 h

UNHA VIAXE FANTÁSTICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

O. Vázquez: Ilusións (Mâyā), da triloxía

Sattva*

H. Berlioz: Sinfonía Fantástica, op. 14:

Épisode de la vie d'un Artiste

*Estrea absoluta. Encargo RFG

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Paul Daniel e Octavio Vázquez

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

